

PAU 2025

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO
(Cód. 31)

Reunida a comisión de avaliación da materia Empresa e Deseño de Modelos de Negocio o día 6 de xuño de 2025 ás 12 horas, acordou aplicar os seguintes criterios de corrección.

No relativo aos preguntas 1 e 2, na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado numérico concreto, senón tamén a corrección (coherencia) no plantexamento. Ademáis, cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que se está ben plantexado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos incorrectos que se arrastren de apartados anteriores.

A coherencia, a cohesión, a corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así como a súa presentación, poderán ser consideradas de forma global, ata un máximo de 1 punto.

No desglose da puntuación máxima que se pode acadar en cada unha das preguntas teranse en conta as consideracións e aplícaranse os criterios específicos que se resumen a continuación:

PREGUNTA 1

1.1. Este apartado non admite calificacións intermedias, salvo as resultantes de aplicar as correspondentes penalizacións por erros de cálculo. Penalización por error de cálculo -0,25 puntos.

1.2 Plantexamento correcto da expresión que permite aplicar o método do precio medio ponderado: 0,5 puntos. Aplicación correcta do método: 0,5 puntos. No caso de elaborar a ficha de almacén correctamente sen o plantexamento 1 punto.

1.3. Comentario razonado e coherente cos resultados: 0,5 puntos.

PREGUNTA 2

2.1. Clasificación incorrecta dun gasto/ingreso: -0,5 puntos.
Clasificación incorrecta explotación /financiero; - 0,25 puntos.

2.2.1 Cálculo correcto dos resultados de explotación: 1 punto. Explicación do seu significado: 0,5 puntos.

2.2.2. Cálculo correcto dos resultados financeiros: 1 punto .Explicación do seu significado: 0,5 puntos.

PREGUNTA 3

3.1. Identificar no texto a estratexia de innovación:(0,5 puntos), explicala (0,5 puntos). No caso de realizar un análise coherente relacionado co texto pero non identifica correctamente a estratexia de innovación (0,5 puntos).

3.2.1. Explicar que é o crecemento externo (0,5 puntos.) e identificalo no texto (0,25 puntos.). Explicar que é o crecemento interno (0,5 puntos.) e identificalo no texto (0,25 puntos.).

3.2.2. Explicar que é a responsabilidade social corporativa (1 punto.). Identificar no texto as medidas (0,5 puntos). Si só identifican unha (0,25 puntos).

PREGUNTA 4

4.1. Explicar que é un nicho de mercado (0,5 puntos). Identificalo no texto (0,5 puntos.)

4.2.1. Identificar no texto o modelo de negocio (0,5 puntos), explicalo (1 punto.). No caso de realizar un análise coherente relacionado co texto pero non o identifica (0,5 puntos).

4.2.2. Explicar que é o prototipado (1 punto). Identificalo no texto (0,5 puntos).

SOLUCIÓNS. PAU 2025. XUÑO

PREGUNTA 1. VALORACIÓN DE EXISTENCIAS.

1.1. FIFO

Operación	Entrada			Saída			Existencias		
	Uds.	Prezo	Total	Uds.	Prezo	Total	Uds.	Prezo	Total
Existencias iniciais							1.800	3,20	5.760
8 xaneiro Compra	4.000	4,12	16.480				5.800		22.240
12 xaneiro. Venda				1.800 1.200	3,20 4,12	5.760 4.944	2.800	4,12	11.536
$(1.800 \times 3,20) + (1.200 \times 4,12) = 5.760 + 4.944 = 10.704$									
17 xaneiro Compra	5.000	5,24	26.200				2.800 5.000	4,12 5,24	11.536 26.200
26 xaneiro Venda				2.800 1.700	4,12 5,24	11.536 8.908	3.300	5,24	17.292
$(2.800 \times 4,12) + (1.700 \times 5,24) = 11.536 + 8.908 = 20.444$									

1.2. PRECIO MEDIO PONDERADO.

Operación	Entrada			Saída			Existencias		
	Uds	Prezo	Total	Uds	Prezo	Total	Uds	Prezo	Total
Existencias iniciais							1.800	3,20	5.760
8 xaneiro. Compra	4.000	4,12	16.480				5.800	3,83	22.240
$PMP = \frac{(1.800 \times 3,2) + (4.000 \times 4,12)}{5.800} = 3,83$									
12 xaneiro Venda				3.000	3,83	11.490	2.800	3,83	10.724
17 xaneiro Compra	5.000	5,24	26.200				7.800	4,73	36.924
26 xaneiro Venda				4.500	4,73	21.285	3.300	4,73	15.609
$PMP = \frac{(2.800 \times 3,83) + (5.000 \times 5,24)}{7.800} = 4,73$									

1.3. A valoración das existencias é máis idóneo co método FIFO que co método PMP, neste entorno de subidas de prezos. Dado que co método FIFO as existencias finais quedan valoradas aos prezos das últimas compras.

PREGUNTA 2. CONTA DE RESULTADOS.

2.1 Ingresos:

Explotación: prestación de servizos consultoría

Financeiros: dividendos

Gastos:

Explotación: salarios, prima de seguros, subministracións, amortización inmovilizado.

Financeiros: intereses pagos por un préstamo

2.2.1

PERDAS E GANANCIAS	
Importe neto da cifra de negocios	
Prestacións de servizos	500.000
Gastos de persoal	
Salarios	-180.000
Outros gastos de explotación	
Primas de seguros	-10.000
Subministracións	-18.000
Amortización do inmovilizado	
Amortización	-60.000
Resultado de explotación	232.000

O resultado de explotación é positivo, por tanto, obtén beneficio na súa actividade, xa que os ingresos por prestacións de servizos son superiores aos gastos de explotación.

2.2.2.

Ingresos financeiros	
Dividendos	6.000
Gastos financeiros	
Intereses de débedas	-9.000
Resultado financeiro	- 3.000

O resultado financeiro é negativo, os gastos financeiros do préstamo son maiores que os ingresos financeiros dos dividendos.